



# Selección de poemas de



## Florencio Delgado Gurriarán

### 1.- “DEZ COUSAS DE VALDEORRAS (NO VRAN)”

As vidras,  
ledas mozas churrusqueiras  
maquilladas de sulfato,  
sorrinlle ao vento coquetas.

O vento,  
baril mociño das festas,  
mercóu, na tenda do souto,  
seu perfume de candeas.

A fonte,  
que chouta por antre as penas,  
vén, ca súa cara lavada,  
a ensaiar a muiñeira.

A cobra  
quere poñerse morena  
e toma baños de sol  
por andar á «derradeira».

As nubens  
enamoradas da serra,  
andan a buscarlle as voltas  
por ver de apalparlle as tetas..

O monte,  
amallóa as chancas de pedra  
côs amallós dos regatos  
e ten que pôrse en crequenas.

O carro,  
cô lombo cangado de herba,  
ven, por amostrar os folgos,  
cantando unha cantarena.

A vaca  
côs dous puñaes da testa,  
ao apuñelar a serán  
faille feridas de estrelas.

A lúa  
veu de «Cubita» a outra feira  
e anda «botando la plata»  
no café das carballeiras.

E as coitadiñas arrás  
que a volta del rei anceian,  
teimosas, pídenlle a Deus  
o trunfo das suas arelas.

De *Bebedeira*, 1934

### 2.- “QUINCE ANOS”

Madurecen amerodos  
na campía do teu peito;  
cintilean as estrelas  
no raso azul dos teus ceos.

As pombiñas do pombar,  
que devecen por voar,  
xa encomenzar a arrolar.



No rigueiro da túa fala  
choutan fervenzas de risas;  
á anela da túa boca  
asoma a fada sorrisa.

Das edades antre os agros  
no froescido valado,  
chían, tolos, os paxaros.

No teu nacre morno e doce  
trunfaron as campas belas;  
na brancura dos teus liños  
frorecen rosas vermelhas.

Da roseiriña antre as rosas,  
teimosas, do anceio, voan  
as avelaíñas todas.

De *Bebedeira*, 1934

### 3.- “ENTERRO”

Doces beizos, cadaleito  
para os meus bicos gardar;  
a branca lousa dos dentes  
para na cova os pechar;  
meniñas, fachóns dourados  
para o cortexo alumar;  
guedella, bágoa de mel  
para por eles chorar;  
o rouxinol da túa voz

para o responso cantar.  
Dese xeito:

coma non hei de matar  
os meus bicos, na túa boca,  
se bon entero han levar?

De *Bebedeira*, 1934

### 4.- MUIÑADA

O sol, baril muiñeiro,  
pingotas de choiva moe,  
o arco da vella pineira  
fariña de sete cores.

Os brancos foles das nubens,  
a lombos das serras, van  
cara o muiño do ceo  
para moelo seu gran.

A siñora lúa,  
branca muiñeira,  
que anda noutra banda  
coas mozas estrelas,

ao chegala noite  
de tornar se lembra  
porque ten gandaia  
e nón quer perdela.

Os ventos, mozos de pobo,  
polos agros a cantar,  
terán de rubir ao ceo  
pola noite a rebuldar.

O sol muiñeiro,  
de pan un anaco,  
que moéu de día,  
farto de traballo  
ao ban do poente  
vai asubiando,  
amata o candelo  
e fica deitado.

Ao ver o muíño a escuras  
ruben os ventos apresa,  
xunto á muiñeira lúa,  
e xunto ás mozas estrelas.

A siñora lúa,  
chisgándolle os ollos  
á mozas estrelas  
aos ventiños mozos,  
arranxa as pareixas,  
cada un ao seu choio,  
e, cô mais barudo,  
ponlle ao sol os cornos.

A paroleira anduriña  
anda a falar polo baixo  
coa bris, vella contequeira  
que marmula antre os carballos.

«Unha noite no muíño  
moitos din que non é ren,  
mais, sabendo aproveitala,  
nela moise moito e bén».

De *Bebedeira*, 1934



## 5.- “DORES DO AGRO”

Fortes brazos de silveira  
o camiño apadumaron;  
anda a liarse o silenzo  
da puñelada dos carros  
que lle fendeu as entranas;  
pola forca dun arame  
o parreiral enforcado  
bota a lingua para afora,  
o probe corpo estordega,  
e remela os verdes ollos  
nas ánseas da morte fera.

De *Bebedeira*, 1934

## 6.- “GALICIA INFINDA”

Galicia é infinda!  
Nosa Galicia é máis que toda a Terra.  
Non é xa o cativo currunchiño  
que din escolas vellas.  
Cómprenos desbotar antigos erros  
fillos de mente estreita:  
Galicia é infinda!

Bela de estrada de ensoños,  
con macádam de estrelas,  
a Vía Láctea é camiño  
que leva a Compostela,  
hoxe é outrora faro,  
a cibdade ecuménica  
que alumou, na Europa,  
trebas da Edade Media.

Polo mundo espallados  
van os netos dos celtas.  
Dende a austral Buenos Aires  
á parroquia labrega;  
do New York boligante  
ás indianas ribeiras;  
da pelica de touro  
ata a China de lenda...  
Dende o berce sabido  
á final cova incerta:  
os boscos do Amazonas,  
carpaceiras brañegas,  
do Courel as searas,  
cais da beira do Sena,  
de Hong-Kong as baiúcas,  
as viñas valdeorresas,  
coqueirás das Antillas,  
augas bacalloeiras...  
Agros, mares e montes,

vilas, cibdades, cities, towns, aldeias,  
os recantos do Mundo...  
Todo é terra galega!  
Galicia infinda!

Noso meirande río non é o Miño,  
galán a namorar moza ribeira,  
nin o Sil, gabancioso do seu ouro  
e do seu belo enfeite de cepeiras.  
O Gulf Stream é o noso río meirande:  
río que rega as xirxilantes veigas  
e os carreiros de escuma  
que ás sereias gorentan;  
o dos risos da choiva,  
garimoso de néboas,  
que anda a apalparlle os peitos ás montanas  
para folgarse coelas  
e, afoutado, cobrilas  
pra ser pai de regueiros e fontenlas.  
Galicia é infinda!

Nosa Galicia é máis que toda a Terra.  
Galicia só limita coa Saudade,  
elástica fronteira  
que serve para o tempo e para o espacío  
-onde un galego está, atópase ela-

máis que ninguén atravesala pode  
áinda que leve nos papés: Poeta.

De *Galicia Infinda*,

## 7.-“NOMES”

Nomes de Michöacan,  
son garruleiro e lisgairo:  
Tsintsunsan, Paricutín,  
Sirahuen, Uruapan, Ario,  
Saráracua, Cupatizsio  
Tangancícuaro, Tacámbaro...  
Nomes de tarasca terra,  
¡rechouchío de paxaros!

.....  
Nomes da veira do Sil  
de antergo e de nobre alamio:  
Val de Afreixo, Val de Godo,  
a Pena da Moura, o Castro,  
Porto Mourisco, Baxeles,  
Córgomo, Castelo, Arnado,  
Outarelo, Millarouso,  
Portela, Cesures, Arcos...  
Nomes, nomes de Valdeorras,  
¡doce e sonoro canto!

De *Galicia Infinda*, 1963



## 8.- "BOCARRIBEIRA VALDEORRESA"

Espiu o monte a mortaxa.  
Cataléptico no inverno,  
volta á vida na Coresma  
e viste de nazareno.

(Cantariñas costureiras,  
con agarimo, teceran  
o manteliño morado  
có que se enfeitou a serra).

Por fuxir do sol, a neve  
agachouse antre as silveiras,  
trocáronse en brancas frores  
as revoantes folerpas.

Os regueiros, por quenceren  
do aterecer das xiadas,  
andan ás pinchacarneiras  
polas encostas e as fragas.

Cal na teima dunha apostas  
pra ver quén rube máis alto,  
hortos, bacelos e soutos  
gateñan polos sualcos.

As cerdeiriñas, louzanas  
mozas no día da festa,  
na verde orella penduran  
roxos brincos de cireixas.

As velliñas caracochas  
coa primadeira tolean  
e, de perifole, poñen  
fíos de ouro das candeias.

Embaixo, o río, prisioeiro  
antre as penas, nun caborco,  
chouta por unha fervenza  
pra saír do calabouzo.

E, sen medo a se esfragare,  
bota a fuxir, ás carreiras,  
cara os vieiros do mar  
a embarcare pra as Américas.

*De Galicia Infinda, 1963*

9.- "VALDEORRAS"  
(romance ao xeito oitocentista)

Miña noiva,  
miña terra:  
Á beira do sil deitada,  
para ollar a túa beleza  
do mesmo xeito que a "Venus  
do espello", nel se contempra.  
Terra de curvas tan doces  
coma os peitos dunha nena  
e de recendente aroma  
coma o alento dunha deusa.

Verde mantelo de vides,  
cobre o teu corpo de femia  
lanzal e morada cofia  
amostras na nobre testa.  
Teceronche os castañeiros  
un refaixo de candeas,  
que loces antre a ledicia  
das festas da primavera.  
Para poñer encol do seo,  
ao servizo da maxeza  
da túa cara, a centos teis  
nos xardíns da túa ribeira  
frores: no toxal chorimas  
(meigas estrelas da terra  
por feras poutas gardadas  
cal por dragós as princesas),  
nos carreiros margaridas,  
nos cómaros primaveras,  
madresilvas nas carrúas,  
no medio das poulas, névedas,  
bititroques nos valados,  
violiñas antre as pedras,  
coallada neve de rosas  
pendurada nas cerdeiras...  
Compónenche adrezos belos

pingas da chuvia nas herbas,  
amerodos nos lameiros,  
acios nas mestas cepeiras,  
carrabouxos nos carballos,  
xeixos que ao sol cintilean  
nas muradellas. E os gardas  
nos estuches que che emprestan  
os ourizos ao caírlle,  
no outono, as escuras pelras  
que agachaban no seu seo  
coma tesouros de lenda.  
Pra a túa gorxa garrida  
cinguir dun colar, as hedras  
danche adoas de acebiche,  
o cabrinfollo vermellas,  
e, as amoras das silveiras,



roxiñas, verdes e pretas.  
Goréntanche os teus ouvidos  
no inverno, a música rexa  
que o mestre vento compuxo  
no pentagrama das xestas;  
o reiseñor dáche arrollos  
nas noites de primavera;  
nas mañanciñas do vrau,  
cántanche alboradas ledas  
a cochorra e o malvís  
e, o xílgaro, a muiñeira;  
no outono, diche romances  
de medo a curuxa meiga...

.....  
En real pazo de ensoño,  
que defenden outras serras,  
teu belo corpo se garda,  
miña noiva, miña Terra:  
engado dos meus amores,  
consolo das miñas penas.  
Vencello cando en ti estaba  
e hoxe, que en terras alleas  
vivo, saudosas lembranzas,  
ferida que non se cerra,  
dor no peito acubillada,  
infinda e punxenta arela...  
Miña fada garimosa,  
miña noiva feiticeira:  
¡Quen, no teu tépedo colo,  
pra sempre acougar poidera!  
¡quen poidera, cos teus brazos,  
cinguirse en eterna aperta!

*De Galicia Infinda, 1963*

#### 10.- “O GALEGO...”

O galego é un home que envexa aos macacos,  
o galego é un cisne que quere ser pato,  
o galego é unha águia, que imita aos morcegos  
pra minimizarse, sendo sobranceiro.

Tendo fala de prócer, tatexa en castrapo;  
de egrexia linaxe, anda a ser criado;  
era circio e rexo, hoxe é brando, é mol,  
doente de abulia, desleixo e langor.

O seu non reclama, inda deixa agora  
que a reo o gobernen as xentes de afora;  
non ten nunca arelas de ser, do seu, dono,  
sempe mergullado nun sono sen soños.

¡Ignora que compre non ser “miñaxoia”,  
pois a liberdade non a dan de esmola!  
*De O soño do Guieiro, 1986*



#### 11.- “LOUVANZAS DOS NOMES ENXEBRES” (Muiñeira sen música da toponimia valdeorresa)

Volten, de Valdeorras, os nomes xenuinos:  
Non máis “Correjanes” nin “vega Molinos”;  
sín Veiga Muiños e máis Correxais,  
pois xa os “castrapismos” están por demáis.

Arriba Penouta e abaixo “Penota”  
que é nome en “castrapo” e rima con “jota”;  
afora “Jagoaza”, nome cacofónico,  
adiante Xaguaza, enxebre i eufónico.

Non trocar por feles os galaicos meles,  
pronunciando “El Barco”, “La Puebla” e “Bajeles”  
e “Vega de Cabo”, “Villoria”, “Otarielo”  
e “Puerto Morisco” e “Repuricielo”

e ata, Deus me salve, nomeando a Fiais  
en “supercastrapo”, decíndolle “Hilais”.  
Hai xentes capaces (é cousa de rir)  
de, ao povo de Corgomo, “Kuérgamo” decir;

hai xentes capaces (cousa é pra chorar)  
de, ás mesmas Gralleiras, “Grajeras” chamar  
e, de Rodeleira, facer “Ruedelera”  
(¿Víchedes vosoutros cousa más pavera?).

¡Qué Deus lles perdóe a feble cultura  
aos que esmendrellaron a nomenclatura,  
traducindo os belos nomes de Valdeorras  
ao feio “castrapo”, da linguaxe as borras,

xerigonza, xiria, xermanía impura  
que é, do castelán, a caricatura!  
Xentes valdeorresas, voltade a eufonía  
dos nomes antergos, baril fidalguía.

¡Que na nosa fala, de fina enxebreza,  
de lene dozura, de egrexia nobreza,  
do noso Valdeorras, benquerido lar,  
os pobos e vilas volvamos nomear!

*De O soño do Guieiro, 1986*



## 12.- “FALAN CASTELÁN”

O vello cacique  
-quen mo quer mercar?-  
que, dende o seu pazo,  
amola ao paisán,  
FALA CASTELÁN.

O repartimento  
das utilidás  
tamén vén escrito  
TODO EN CASTELÁN.  
O crego da aldeia,  
do inferno a berrar  
pra meterlle medo  
ao pobre aldeán,  
FALA CASTELÁN.

Dille que condena  
se fai tal ou cal  
fálalle do demo,  
TODO EN CASTELÁN.

O siñoritiño  
da vila de Tal ,  
con vento na testa,  
sen calos na man,  
FALA CASTELÁN.

Como é cousa “fina”  
o alleo falar,  
di... cen parvadas,  
TODO EN CASTELÁN.

Il, que chegou fraco  
e que está a estoupar,  
fixo os seus choíños,  
TODO EN CASTELÁN.

Aquil rapás listo  
que anda a predicar  
en tódolos mitins  
por mor de medrar  
FALA CASTELÁN.

Di que aos que gobernan  
hai que se achegar,  
de “chaqueta” troca,  
TODO EN CASTELÁN.

Mozo falanxista,  
mistura infernal  
de tolo e verdugo  
FALA CASTELÁN.

Soñando coa moura  
España imperial,  
canta Torquemada  
TODO EN CASTELÁN.

Quere enguedellarte  
calquer lacazán?  
Pois, cando ao xulgado  
te vai demandar,  
FALA CASTELÁN.

Ata o “mandamento”  
que ordena embargar,  
tamén vén escrito  
TODO EN CASTELÁN.

Ouh, lingua de Cervantes, de Lope e de Quevedo,  
ouh, fala de Castela, nai de conqueridores,  
ouh, idioma sublime, ou castelán sonoro!

(O que é, na nosa terra, tes bos embaixadores!)

De *Cantarenas*, 1981

13.- “GABANZA DA MOZA FRESCA”  
(espinela ditirámrica)

Filla da torta cepeira  
e do sol quente que a goza,  
MOZA FRESCA, fresca moza,  
nasces na bocaribeira  
e, na fustalla, criadeira  
coma seo de muller  
que te agarima, a ferver  
con ledicia e pasenijo,  
MOZA FRESCA, faste un viño  
que é pracer pra o meu lecer.

De *Cantarenas*, 1981

## 14.- “XACARANDA”

A esta terra da infinda primadeira  
a nova primadeira vai chegar  
e a xacaranda teima en estoupar,  
foguete malva, na mañán marceira.

Das súas pólas pendura, churrusqueira,  
axóuxeres azúes, a vibrar  
nun ourente tanguido que enche o ar  
e espalla o seu engado feiticeira.

Orballada de frores no chan deita,



a choiva malva-azul o parque enfeita...  
E, verde muiñeira polo vran,  
  
peneira o ardente sol, coas súas folliñas  
da bris arrandeadas, e as herbiñas  
recadan, a bulir, a lus no chan.

(Poema mexicano en *Cantarenas*, 1981)

## 15.- “PANDEIRADA”

Nenas, vinde á pandeirada,  
que sinto, no peito, o adufe  
do meu desexo, rapazas.

Os ollares churrusqueiros  
sons mans a bater no adufe  
que anda a soar no meu peito.

Nenas, vinde á pandeirada,  
a pór acordes co adufe  
ás ferreñas das risadas.

(Estoupe, que estoupe, que estoupe o pandeiro;  
nas bocas froridas que estoupen os beizos;  
estoupen os risos e os salaios ledos;  
estoupe o xustillo, gaiola dos peitos!)

Ledicia de pandeirada:  
arcos-peitos, branco-adufe,  
frechas-tentacións o rachan.

Eléitrico de desexos  
vai estoupar meu adufe  
co bater dos vosos beizos.

Ledicia de pandeirada:  
acorde co meu adufe  
vosas ferreñas, rapazas.

(Tanxe, que tanxe, nena rebuldeira,  
coas mans que buligan coma bolboretas.  
Tanxe que tanxe, tamén eu tanxera  
a bicos o adufe da boca vermella!)

De *Cantarenas*, 1981

**(No segundo cabío de ano da nosa loita contra a traizón).**

Falanxista: Non máis leves  
a túa insignia encol do peito,  
pon o xugo no pescozo  
e pon o feixe ao carrelo,  
pois, de alteiroso león,  
pasache a boi de labrego  
ti, que tiñas soños de aguia  
e despertaches -portento!-  
de año doce e lambedor  
de mans de tiráns noxentos.  
Que foi da España imperial  
que tiñas no pensamento,  
unha, grande e ceibe, que  
gabaches con triple berro?  
Que foi das túas ilusións?  
Quixeches matar vermellos  
sen ver que eran teus irmáns;  
saión e suicida a un tempo,  
co sangue nobre do pobo  
asolagache os teus eidos,  
coidando que son doados  
alicerces pra un imperio,  
a morte, os odios, a fame  
e a guerra, infernal enxendro.  
E todo pra que?, pra que?  
Pra que, os vermes do diñeiro,  
zuguen no sangue dos pobres  
co fuciño pezoñento;  
pra que un ditador cativo  
-doutros meirandes cadelo-  
espalle a cariña innobre  
e os seus idiotas orneos  
-nos que se enche a boca coa Patria  
que vendeu aos estranxeiros-  
inzando xornais e afiches  
cal ridículo esperpento;  
pra que os “bereberes loiros”,  
os “herois do Caporeto”  
e os “arios da Berbería”,  
da xenreira e cruces cheos,  
veñen a tripar o chan  
que ti arelabas ergueito.

Falanxista, falanxista  
virado de aguia en cordeiro:  
non leves feixe de frechas,  
non leves xugo no peito.  
Turra, dos tiráns, o carro,  
co xugo do teu descreto;  
co feixe dos teus desenganos

## 16.- “A UN VELLO FALANXISTA”



canga o lombo, outrora ergueito;  
non leves rosas de sangue,  
amarelas do desprezo,  
ou moradas da vergoña,  
millor che cómpren, de certo,  
xa que, por soños de tolo,  
es vítima dos alleos  
e verdugo dos irmáns.  
Coitado. Os remordemento  
non che firen a conciencia?,  
non tes noxo de ti mesmo?  
Máis che valera, coitado,  
ir de garda ante os luceiros.

De *O soño do Guieiro*, 1986

### 17.- “AO REISEÑOR”

(no xeito dos vellos vates)

Reiseñor meigo que no agro frorido  
arrolas cantando ao serán durmido  
ouh doce trobeiro!

Reiseñor meigo que no agro vizoso  
arrolas cantando ao serán fermoso  
ouh doce trobeiro!

Arrolas cantando no serán durmido  
que escoita a cantiga do son esvaído  
ouh doce trobeiro!

Arrolas cantando ao serán formoso  
que ouve o feitizo do son garimoso  
ouh doce trobeiro!

*Datado no 1923, pero non incluído en libro.*

### 18.- “CONTO SINXELO”

Laídos de huapango,  
atruxos de alalá...

Il era un mozo louro,  
neto de Breogán;  
varudo e forte peito  
atanado do mar.

Ela souril “prietita”:  
ar de danzón no van,  
co mel do “ese” nos beizos  
e ollar de siñardás.

Laídos de huapango,  
atruxos de alalá...

Da antiga verde terra  
á nova terra irmá  
o mozo mariñeiro  
veu para namorar.

Sangal dicir galego,  
alamio tropical.  
Laídos de huapango,  
atruxos de alalá...

Cinguidos co impeitizo  
da fita azul do mar,  
a “prietita” e o mozo  
houberon de casar.

Laídos de huapango,  
aturuxos de alalá...

“Escuincla” de canela,  
de churrusqueiro ollar,  
e un louro picariño  
foron benzón do lar.

Sangal dicir galego,  
alamio tropical...  
Laídos de huapango,  
aturuxos de alalá...